

EXPLORA
CAMPAMENTO DA OURENSANÍA
OURENSE

Colabora:



1. Introducción

O campamento de verán Explora Ourense; un proxecto lúdico e educativo que inclúe a programación e o desenvolvemento de actividades relacionadas coa natureza, deportes, actividades ó aire libre, xogos, xogos de sala, artísticas e calquera outra que contribúa a ese obxectivo. O campamento distribuirase en 2 quendas que terán lugar nas seguintes datas:

- **Campa 1: do 9 ao 13 de agosto (nenos/as do ano: 2014-15- 16)**
- **Campa 2: do 9 ao 13 de agosto (nenos/as do ano: 2012-13)**

2. Lugar de realización

Nas instalacións do Complexo do Corgo, en Muíños.

3. Actividades

- Actividades en inglés
- Xogos e deportes
- Actividades náuticas
- Actividades ó aire libre, de natureza e sobre o medio natural
- Actividades artísticas
- Actividades nocturnas
- Teatro e conta-contos
- Baile, actividades culturais

4. Destinatarios

Rapaces e rapazas nados entre os anos 2012 e 2016, ámbolos dous incluídos.

5. Solicitude de prazas

Poderanse solicitar as prazas mediante o formulario de inscrición da web https://sede.depourense.es/sta/CarpetaPublic/doEvent?APP_CODE=STA&PAGE_CODE=CATALOGO&medioPres=2.

Poderase solicitar dende o **4 de xuño ata completar prazas segundo orde de inscición.**

6. Reserva de praza

Unha vez solicitada a praza, porémonos en coctacto por email e disporá de 3 días para facer a reserva de praza facendo o pago de 125 euros no seguinte número de conta:

Abanca ES04 2080 0473 6330 4000 8261

7. Documentación complementaria

Unha vez feita a reserva de prazo co pago da mesma disporá ata o 22 de xullo para entregar a seguinte documentación por correo electrónico a info@exploraourense.com.

1. Folla de inscrición, na que se deben cubrir os datos do/a neno/a, xunto cos seus datos médicos (alerxias, enfermidades e outras, especificando as enfermidades infectocontaxiosas que os/as responsables do campamento deberán ter en conta á hora de tratar aos/ás menores. Será enviada unha vez resulten adxudicatarios/as da praza.

Deberase presentar unha folla por neno/a.

É importante non omitir ningún dato, xa que afectan á organización das quendas de campamentos en canto a adquisición de alimentos para os/as alérxicos/as, informar dos tratamentos aos/ás monitores/as, etc.

2. Fotocopia do DNI do pai/nai ou titor/a.
3. Fotocopia do DNI do/a menor ou, no caso de que non o teña, do libro de familia.
4. Fotocopia da tarxeta sanitaria ou do seguro médico privado do/a menor.
5. Certificado médico en caso de alerxias, medicacións e/ou tratamentos, dietas especiais ou de estar seguindo calquera dieta especial.
6. Se procede autorización por parte do pai/nai ou titor/a par aadministrar medicacións de uso común que nos como monitores non podemos administrar sen prescrición médica e/ou autorización directa nin sequera en casos leves (paracetamol, ibuprofeno, dalsy...) coa súa correspondente posoloxía se procede.

8. Prezo

O prezo será de **125 euros por neno/a**.

9. Devolución da cota

Se, unha vez obtida a praza e aboadado o prezo correspondente, a persoa interesada non puidera asistir á actividade, só terá dereito á devolución deste no caso de que comunique a renuncia á praza por escrito e solicite a devolución da cantidade aboadada antes do 15 de xullo, ou cando por causas non imputables á persoa interesada non se preste o servizo ou a Organización anule a actividade.

Todas aquelas solicitudes de devolución de cota que non sexan presentadas, tal e como se reflicte no apartado anterior, serán denegadas

independentemente da causa xustificativa que se alegue na respectiva solicitude.

Para estes efectos, as persoas interesadas disporán dun modelo normalizado de solicitude de devolución de cota de participación na documentación que lles será remitida ao seu enderezo electrónico.